

Programación do módulo integrado proxecto + FCT

1. Contexto

- a) A posibilidade de facer un módulo integrado proxecto + FCT con 245 horas é unha das opcións excepcionais que ofrece a normativa para que o alumnado de TSEASD poda substituír as prácticas presenciais da FCT no período ordinario do curso (ata o 19 de xuño de 2020).
- b) Teletraballo, prácticas presenciais durante o verano (entre o 19 de xuño e 31 de agosto) ou realización da FCT para o seguinte curso 20-21 sen consumir convocatoria son as outras posibilidades previstas recentemente na lexislación para superar a FCT neste período excepcional.

2. Obxectivos do módulo integrado proxecto + FCT

O proxecto final co que avaliarase este módulo integrado FCT + proxecto terá como obxectivo comprobar que o alumno mostra a capacidade de integrar e aplica-los coñecementos e as competencias profesionais adquiridas durante o seu proceso formativo e para o desempeño profesional como traballador/a ou emprendedor/a no campo da animación sociodeportiva.

3. Metodoloxía xeral

- a) A confección do proxecto integrado farase a partir do traballo autónomo do alumnado, feito co apoio e titoría do profesorado asignado a tal efecto.
- b) O alumnado poderá orientar o seu proxecto integrado entre os seguintes tipos de posibles traballos relacionados co sector da actividade física e deportiva:
 - a. Deseño de procesos e produtos.
 - b. Proxecto de empresa.
 - c. Revisión bibliográfica.
 - d. Investigación sobre o sector.
- c) O profesorado-titor dispoñible para a titorización e apoio do alumnado no proxecto de módulo integrado será: José Victor Cimadevila(39 %), Anxo Gómez (19 %), Adrián Bolaños (11 %) e Telmo Silva (31 %). As porcentaxes empréganse como referencia para a distribución dos titores entre o alumnado.
- d) O alumnado poderá solicitar que o seu proxecto poda ser titorizado por algún profesor-titor concreto e, sempre que sexa posible, atenderase a súa demanda. As solicitudes de titor polo alumnado enviarase por correo electrónico ó coordinador de ciclo Anxo Gómez con anterioridade ó 28 de abril de 2020.
- e) Finalmente a distribución do alumnado entre os titores farase con anterioridade ó 29 de abril de 2020.

4. Avaliación do módulo integrado

- a) A valoración do proxecto presentado polo alumno/a axustarase os seguintes criterios xerais de avaliación:
 - a. Traballo orixinal, non plaxiado.
 - b. Aporta novidade e creatividade.
 - c. O proxecto e viable e pode ser aplicado nun contexto real.
 - d. A comunicación e presentación do proxecto e clara, técnica, concisa e formal.
 - e. Aporta e cita referencias con información contrastada.
 - f. Confeccionado con normas de estilo.
 - g. A súa extensión non supera as 30 páxinas sen anexos.
- b) A avaliación final deste módulo integrado farase establecendo una cualificación de 1-10 sen decimais para o módulo de proxecto e unha cualificación de Apto ou Non apto para o módulo de FCT.
- c) A cualificación inferior a 5 no módulo de proxecto supón a avaliación de Non apto no módulo de FCT.
- d) A cualificación do proxecto do módulo integrado para cada alumno/a a fará o titor do alumno/a en cuestión tendo en conta a) o documento electrónico presentado (60 %) e b) o resultado da avaliación da defensa do seu proxecto fronte un tribunal constituído por todo o profesorado titor (40 %). A defensa farase presenza sempre e cando as condicións socio-sanitarias o permitan. No caso de imposibilidade de defensa presencial farase a defensa co emprego de recursos telemáticos e/ou audiovisuais.
- e) Para a defensa do proxecto integrado a súa exposición non poderá superar o tempo máximo de 10 minutos e coa posibilidade de ter que responder, ó remate da mesma, ás preguntas de calquera membro do tribunal.
- f) O documento electrónico será un arquivo pdf nomeado do seguinte xeito: Nome + espazo + 1º Apelido + espazo + módulo proxecto integrado. Por exemplo: Homer Simpson módulo proxecto integrado.pdf
- g) Unha vez rematado o traballo o documento final enviarase ó correo electrónico do seu titor e con anterioridade ó 12 de xuño de 2020.
- h) A defensa dos proxectos farase entre o 15 e 19 de xuño de 2020 segundo o calendario feito dende o departamento de educación física do centro.

5. Normativa de aplicación

Orden EFP/361/2020, de 21 de abril, por la que se adoptan medidas excepcionales en materia de flexibilización de las enseñanzas de Formación Profesional del Sistema Educativo y de las enseñanzas de Régimen Especial.

Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial

Pontevedra, 25 de abril de 2020